



Consonte ó disposto no plano de estudos da Licenciatura de Medicina, os alumnos deberán realizar un curso rotatorio nun dos hospitais que determine a Universidade. Tendo en conta que os hospitais teñen prazas limitadas, faise preciso abrir un periodo de solicitudes para a resolución das peticións dos alumnos.

Por todo o indicado **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Os alumnos que consonte ó plano de estudos de Medicina e Cirurxía reúnan os requisitos para realizar o curso rotatorio, deberán solicitalo entre os días **14 e 31 de xaneiro de 2005**.

SEGUNDO.- As solicitudes deberán presentarse na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.

TERCEIRO.- As solicitudes deberán reflectir por orde de preferencia os hospitais onde desexen realizar as prácticas. Os hospitais e mailas prazas en cada un deles faranse públicos antes do inicio do prazo de solicitude.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2005.

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

SECRETARÍA XERAL-VICERREITORADO DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA
E PROFESORADO-DECANATO DA FACULTADE DE MEDICINA E
ODONTOLOXÍA-SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA-SERVICIOS
INFORMÁTICOS-DIRECTOR/A DO SERVIZO DE INFORMACIÓN
UNIVERSITARIA-SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA-UNIDADE DE XESTIÓN
ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE